

A lingua tiveran por lingua d'escravos. O autoodio como concepto sociolingüístico

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña
freixeir@udc.es

Recibido o 02/05/2014. Aceptado o 01/07/2014

A lingua tiveran por lingua de escravos. Self-hatred as a sociolinguistic concept

Resumo

O obxectivo do presente traballo é comprobarmos se o autoodio lingüístico é un concepto vigorante e de utilidade nos estudos de sociolingüística con carácter xeral, e tamén se ten aplicación ao contexto sociolingüístico galego. Unha vez constatada a presenza do fenómeno, prestarase atención ao modo como se vai xerando e á súa relación con conceptos afíns como os preconceitos lingüísticos, a baixa autoestima, o complexo de inferioridade ou a deslealdade lingüística. A partir de aquí lévase a cabo unha descrición do autoodio en xeral e do autoodio lingüístico en particular, até chegar á súa definición como categoría sociolingüística singular. A seguir analízanse algunhas referencias históricas que deixan testemuño da presenza do autoodio lingüístico na sociedade galega do pasado, os grupos sociais onde puido ter incidencia e a posíbel influencia no proceso de substitución lingüística. Por último, conclúese que o concepto de autoodio continúa a ser válido e necesario na descrición da realidade sociolingüística da lingua galega e das linguas minorizadas en xeral. Trátase, en suma, dunha análise histórica do concepto obxecto de estudo.

Palabras chave

Autoodio, preconceito, complexo de inferioridade, galego, mudanza de lingua, hibridación

Sumario

1. Introducción. 2. Actitudes e preconceitos lingüísticos como base para a xénese do autoodio. 2.1. Ideoloxías, actitudes, estereotipos e conduta. 2.2. Preconceito lingüístico, discriminación e morte das linguas. 3. Desprestixio da lingua e complexo de inferioridade como precedentes inmediatos. 4. Sobre o autoodio lingüístico. 5. O autoodio lingüístico na sociedade galega desde a perspectiva histórica. 5.1. Algunhas manifestacións escritas. 5.2. Sectores sociais afectados. 5.3. Algunhas consecuencias derivadas. 6. Vellos conceptos, novos paradigmas e eufemismo. 7. Conclusión.

Abstract

The objective of this work is to find out if linguistic self-hatred is a pertinent and useful concept in sociolinguistics in general and whether it is applicable to the Galician sociolinguistic scenario. Having confirmed the phenomenon's presence, our attention will then turn to how it is generated and its relationship to concepts such as linguistic prejudice, low self-esteem, inferiority complex or language disloyalty. The article proceeds to a general description of self-hatred in general and linguistic self-hatred in particular, reaching the conclusion that it should be characterized as a specific sociolinguistic category. Next, three key issues are examined from a historical perspective: the presence of linguistic self-hatred in Galician society, which social groups are affected, and its role in language shift from Galician to Castilian. Finally, it is concluded that the concept of self-hatred is still valid and necessary, both in the description of the sociolinguistic situation of the Galician language and in that of minority languages in general.

Keywords

Self-hatred, prejudice, inferiority complex, Galician language, language shift, hybridity

Contents

1. Introduction. 2. Linguistic attitudes and prejudices as the basis for the genesis of self-hatred. 2.1. Ideologies, attitudes, stereotypes and behaviour. 2.2. Linguistic prejudice, discrimination, and language death. 3. Language discredit and inferiority complex as immediate precedents. 4. On linguistic self-hatred. 5. Self-hatred in Galician society from a historical perspective. 5.1. Some written expressions. 5.2. Social sectors affected. 5.3. Consequences. 6. Old concepts, new paradigms, and euphemism. 7. Conclusion.

1. INTRODUCCIÓN

As liñas que veñen a seguir pretenden ser unha disertación teórica sobre un fenómeno de natureza sociolingüística a partir da constatación persoal da realidade e da análise de fontes documentais e bibliográficas que achegan reflexións de interese sobre o tema. Como persoa nada no medio rural, quen isto escribe tivo o galego como lingua inicial, viviu en primeira persoa a experiencia lingüística do desllocamento ao ámbito urbano e durante unha boa parte da súa vida foi observador e analista directo dos feitos sociolingüísticos, mesmo tendo vivido en primeira persoa ou presenciado no contorno familiar máis próximo moitos ou todos os fenómenos que aquí se pretenden analizar. Hai, pois, neste ensaio unha base empírica evidente, mais non é certamente un estudo realizado a partir de datos empíricos sistematicamente recollidos e analizados. Con todo, a análise que aquí se realiza pode constituír unha boa base para un posterior estudo dese tipo. En canto este non se realiza, é evidente que non se poderán tirar conclusións determinantes ao respecto e que as que deste traballo derivan deberán ser lidas máis en perspectiva diacrónica do que referidas ao momento actual. En fin, o obxectivo deste traballo é detectar a existencia dunha determinada doenza hoxe cuestionada —neste caso un fenómeno sociolingüístico—, tentar explicar a súa xénese e as causas que a producen, elaborar o seu perfil histórico e suxerir algún remedio para a súa erradicación. O que non estamos en condicións de afirmar é que se trate dunha epidemia social nin cal é a cantidade de persoas afectadas, aínda que poidamos ter sospeitas de que o fenómeno non se reduce só a uns poucos casos isolados.

Antes de máis, e para termos claro desde o principio o concepto de que imos falar, aínda que máis adiante establezamos maiores concrecións, convén comezarmos por definir o ‘autoodio’ como un sentimento de vergoña que alguén pode experimentar por posuír características que despreza do seu grupo social e que o conducen a se desprezar a si propio por iso. Se este concepto o aplicamos ás linguas, falaremos de ‘autoodio lingüístico’, que é o que aquí nos interesa, e que definimos como un sentimento de vergoña que ten unha persoa por falar o seu propio idioma, o cal lle provoca desprezo por ela mesma e ansias de o substituír por outro. Ao longo das seguintes páxinas iranse achegando os elementos de análise precisos para podermos xustificar e fundamentar tal definición.

O termo ‘autoodio’, e a noción que representa, véñse aplicando desde hai tempo, con bastante regularidade e mesmo normalidade, para explicar unha parte da realidade sociolingüística galega, como se fose un fenómeno descritivo claro e indiscutido que non precisa de maior debate teórico. De facto, non adoita ocupar máis do que unha ou dúas liñas nalgúns ensaios que tratan da situación social do galego (cf. Rodríguez 1998: 62, García Negro 1991: 55, Freitas 2008: 714 etc.), sen que os seus autores ou autoras sintan a necesidade de se deteren a explicar o concepto. No entanto, tamén se observa a ausencia deste termo noutros traballos sobre a mesma temática, que propositadamente o evitan por o consideraren inadecuado, conflictivo ou inconveniente; ou talvez se prescindan eufemisticamente del como táctica para adojar unha realidade que resulta pouco grata e que pode causar algún rexeitamento. Non se menciona por exemplo en Mariño (1998: 340-348) cando, ao tratar da conduta lingüística da fidalguía nos primordios do século XX, se describen situacións próximas da noción que encerra e se afirma que “a deserción do galego era un dos requisitos previos para conseguila promoción social que desexaba” ou se fala de “abandono e desprezo xeneralizado” do galego (p. 343); igualmente, en Costas (2009: 49-50) dise que a escolarización total ou maioritariamente en castelán de nenos galegofalanes pode xerar neles “sentimentos de rexeitamento e desprezo cara á súa lingua e á súa familia”, a insistir unhas liñas máis adiante en que isto lles provoca “problemas de inseguridade e de autoestima e mesmo rexeitamento da súa lingua familiar e da súa identidade natural”; porén, non se recorre a unha denominación xa moi asentada no discurso sociolingüístico galego. Certamente, o termo ‘autoodio’ non parece especialmente simpático e mesmo podería percibirse como ofensivo en ocasións.

Con todo, a cuestión non é se o termo se torna simpático ou antipático. A cuestión debería ser se é útil, acaído ou necesario para explicar unha determinada situación ou non o é, se a noción que representa responde a unha realidade sociolingüística ou se non ten correspondencia con esta. E no caso galego, se o autoodio é un fenómeno presente na sociedade ou non. Algún

destacado sociolingüista xa se ten pronunciado rotundamente en contra do termo, tanto no ámbito galego como en calquera outro, a propósito da valorización crítica dun libro en que se dá por válido o termo para a situación sociolingüística galega:

[...] habiendo llegado a crear un complejo de inferioridad en buena parte de los hablantes, causando en no pocos de ellos el fenómeno patológico del “autoodio” (término éste que me produce suma perplejidad, no menos que la que me produce la ingente cantidad de simplezas que se han dicho a propósito del mismo, siendo como es una noción falaz e inútil, cuyo arraigo en la llamada ‘sociolingüística periférica’ —la de Valencia, Cataluña, Galicia, Provenza, etc.— habrá que explicar algún día) (Fernández Rodríguez 1998: 28).

Que o termo produza perplexidade ou que fixese especial fortuna en determinados ámbitos da sociolingüística —talvez algo poderemos concluír ao respecto no final deste artigo— en nada anula a súa validez. Outra cousa é se a noción que encerra é “falaz e inútil”, o cal si tería maior relevancia porque entón talvez sería aconsellábel deixarmos de aplicar ao caso do galego un termo, de entrada, algo antipático. Mais de non ser así, non habería razóns para prescindir dun concepto que se vén utilizando desde hai máis de medio século, presuponse que con acerto e utilidade, a realidades sociais moi diversas que teñen algunha semellanza coa galega. Neste sentido, as páxinas que veñen a seguir procurarán deitar algo de luz sobre a cuestión, tentando esclarecer certos aspectos que até o de agora non foron obxecto específico de análise no ámbito que nos ocupa.

Se admitirmos que as tentativas de eliminar a diversidade lingüística no mundo “han sido la causa de importantes frustraciones y no poco sufrimiento” (Fernández Rodríguez 2000: 56) e que na Galiza se tencionou reducir esa diversidade á conta do galego, non será difícil admitir tamén que tanta frustración e sufrimento algunha repercusión psicolóxica terán deixado nos individuos e nas sociedades que os padeceron. Se entre esas repercusións están certo complexo de inferioridade e un sentimento de vergoña por parte das persoas falantes da lingua minorizada, ben como a perda de autoestima e o desexo de a abandonar pola de maior prestixio, entón tal estado mental ou emocional parécese moito ao que desde os ámbitos psicolóxicos especializados na análise das alteracións da conduta se vén denominando ‘autoodio’ (en inglés *self-hatred* ou *self-loathing*), que se pode asociar nalgúns aspectos á ‘autofobia’.

Como mostra impactante e evidente de que na Galiza se dan sentimentos relacionados co ‘autoodio étnico’ (*ethnic self-hatred*) e co chamado ‘autoodio lingüístico’ (*linguistic self-hatred*) pódese referir a intervención dunha moza coruñesa no programa de Telecinco ‘Gran Hermano’ en febreiro de 2011, na cal, en conversa relaxada e tranquila con outra concursante, lle conta que estando unha vez nunha reunión festiva viu un mozo moi “guapo” e cando, ao seren presentados, este se dirixiu a ela dicindo “Eu son o primo de...”, entón ela pensou “Habla gallego...” e a seguir acrecenta: “y me dio un bajón”. Mais, alén desta expresión concreta moi divulgada polos medios de comunicación, existe nesa conversa todo un conxunto de tópicos e preconceptos que poñen ao descuberto a realidade sociolingüística galega e que constitúen o mellor documento explicativo dela e do autoodio, se verdadeiramente existir¹.

Sendo certo que unha parte dos sociolingüistas do ámbito académico galego —entre os que o autor destas liñas non pretende incluírse— prescinde do termo e da noción que contén, a realidade é que na sociedade de referencia ambos continúan a estar presentes nos discursos sobre a lingua, nomeadamente nos medios de comunicación escritos, tanto en letra impresa como en formato dixital. Véxase só algún exemplo deste último: no blogue *A contrafío*, con data 11/07/2007, figura o titular “Memorias do autoodio-1: A lingua galega no punto de mira”; en *GaliciaHoxe.com* de 30/07/2008 insírese un artigo de Manuel Vidal Villaverde que leva por título “O autoodio de Núñez Feijoo”; no *Vigoblog* de data 02/02/2009 o título é “Autoodio versión C. Porro”; no *Galicia Confidencial* de 11/05/2011 hai un artigo de F. Glez. Tenreiro intitulado “Odiando a normalidade” que leva como entrada “O autoodio étnico galego continúa sendo, a pesar das ‘modas’, a orixe dos nosos problemas diglósicos e, probablemente, a principal barreira ao noso

¹ Pódese acceder ao vídeo, entre outros enderezos electrónicos, en: <http://www.galiciaconfidencial.com/nova/7192.html> (Consulta: 06/03/2014).

desenrolo económico"; en *Praza Pública* de 12/12/2013 Miguel Pardo asina unha entrevista co profesor e lingüista da Universidade de Vigo Xosé-Henrique Costas que intitula "Comprobar en Estremadura o uso masivo da fala é ideal contra o autoodio dos galegos" etc.²

Após estes ou outros moitos exemplos que se poderían citar, cómpre reiterarmos a pregunta de se o autoodio existe ou non na Galiza; e a realidade parece apuntar cara a unha resposta afirmativa. Se na sociedade circula o discurso do autoodio será porque hai unha base social en que se apoiar e se os medios de comunicación galegos se fan eco da súa existencia será tamén por algunha razón. Neste sentido, xa se ten dito que o que pensa a xente da realidade tamén fai parte dela. Cuestión diferente é se do punto de vista político ou desde a planificación lingüística é oportuno ou conveniente facer maior ou menor incidencia no autoodio. Porén, débese ter en conta que a ocultación ou adozamento eufemístico dos problemas existentes na realidade non os resolve de forma automática; polo contrario, pode agravalos. Tamén se sabe que o galego leva perdidos moitos e moitas falantes na transición intersecular e se callar é oportuno, desde unha óptica normalizadora, non o estar repetindo todos os días para non producir desánimo ou renuncia entre as persoas preocupadas polo seu futuro; mais iso non fai que o proceso se deteña ou se reverta. Ás veces os problemas convén colocalos en foco para que poidan ser debidamente tratados.

Por último, tamén cómpre esclarecermos nesta introdución que o fenómeno psicosociolóxico do autoodio non é nin moito menos peculiar da sociedade galega, como no desenvolvemento deste artigo se procurará demostrar. Adiantemos só que a súa denominación e estudo xurdiu na segunda metade do século pasado nos Estados Unidos e que, para alén dos casos máis consabidos das comunidades negras e xudías ou das catalanfalantes, ten sido aplicado con focaxes variadas en realidades sociais tan diversas como as comunidades lingüísticas sefardís estendidas polo mundo (Schmid 2010: 99-111), as comunidades de chicanos ou mexicano-estadounidenses (Pratt 1993), as canadenses de minorías étnicas do leste europeo (Danyte 2011), as americanas de fala quechua (Gopar 1999: 2), a arxentina de fala española (Posadas 1993: 51-55), a neoirquina con acento propio (Labov 1966) etc.; mesmo na comunidade de galegofalantes no Río da Prata se ten detectado o fenómeno (Samuelle 1999: 269-270). E tamén noutras realidades sociais continúa a andar hoxe polos medios de comunicación o tema do autoodio, como mostran estes dous exemplos: hai uns anos circulou pola rede un resumo de noticias intitulado "El 'autoodio' de Noam Chomsky" (*tierra de genistas*, 10/08/2006)³ en que se puña o reputado lingüista como exemplo de xudeu con autoodio por non apoiar a invasión do Líbano por parte de Israel; e a edición dixital do diario *El Mundo* do 19/11/2009, so o rótulo "El Ayuntamiento de Barcelona aprueba que el catalán sea su lengua vehicular", faciase eco da oposición inicial de Esquerra Republicana á aprobación dun regulamento de usos lingüísticos que permitía "la rotulación sin contar con el catalán y otros ejemplos de autoodio lingüístico"⁴.

Como do autoodio lingüístico se falou e se fala na sociedade galega e noutras, segundo acabamos de ver, é obxectivo deste traballo profundar algo sobre a natureza do fenómeno e as súas manifestacións e consecuencias, nomeadamente no referente á súa aplicación á comunidade galega, mais tamén en conexión co que acontece noutras comunidades lingüísticas.

2. ACTITUDES E PRECONCEPTOS LINGÜÍSTICOS COMO BASE PARA A XÉNESE DO AUTOODIO

Sobre o galego, igual que sobre calquera lingua en situación de minorización social, circularon discursos cargados de preconceitos; e após máis de trinta anos de política lingüística sobre-

² Reprodúcense a seguir os enderezos electrónicos por orde de citación, facilmente identificábel cada un deles:

- [http://acontrafio.blogspot.com.es/2007/07/memorias-do-autoodio-1-lingua-galega-no...;](http://acontrafio.blogspot.com.es/2007/07/memorias-do-autoodio-1-lingua-galega-no...)
- [http://galiciahoxe.com/opinion/gh/autoodio-nunez-feijoo/idEdicion-2008-07-30/...;](http://galiciahoxe.com/opinion/gh/autoodio-nunez-feijoo/idEdicion-2008-07-30/...)
- [http://vigoblog.blogspot.com.es/2009/02/autoodio-version-cporro.html;](http://vigoblog.blogspot.com.es/2009/02/autoodio-version-cporro.html)
- [http://galiciacconfidencial.com/imprimir/7796.html;](http://galiciacconfidencial.com/imprimir/7796.html)
- <http://praza.com/cultura/6109/comprobar-o-uso-masivo-da-fala-e-idea...> (Data de consulta: 03/03/2014).

³ http://tierradegenistas.blog.es/2006/08/10/el_autoodio_de_chomsky-1028550/ (Data de consulta: 03/03/2014).

⁴ <http://www.elmundo.es/elmundo/2009/11/18/barcelona/1258546924.html> (Data de consulta: 03/03/2014).

viven moitos deses preconceptos que secularmente viñeron operando, e inclusive apareceron outros novos nos últimos tempos. Isto estase a pór en evidencia mesmo entre a xente nova, que non se dá liberado deles (González 2003). Porén, o combate contra os preconceptos lingüísticos preséntase como un obxectivo ineludíbel para a sobrevivencia dunha lingua en perigo como o galego (Freixeiro 2009b: 116). Os preconceptos poden xerar vergoña pola lingua propia, complexo de inferioridade e mesmo talvez autoodio, acabando por propiciaren a mudanza de lingua. Mais para os explicar hai que facer referencia a outros conceptos asociados a eles, fundamentalmente as actitudes.

2.1. Ideoloxías, actitudes, estereótipos e conduta

As actitudes, tanto individuais como sociais, teñen unha grande importancia, xa que adoitan interpretarse como un factor explicativo, e por tanto predictivo, da conduta (Iglesias 1999), de modo que o estudo de como se forman e como mudan pode converterse nun aspecto clave na resolución de conflitos individuais e sociais. As actitudes podémolas definir como construtos mentais, e por tanto internos, das persoas, que conducen a que estas respondan favorábel ou desfavorábelmente perante un obxecto dado (Iglesias 2003: 26).⁵ Están moi vinculadas ás ideoloxías, as cales, aínda interpretadas en ocasións só dun punto de vista negativo como lexitimadoras ou xustificadoras do poder establecido, na realidade poden ser tanto dominantes como de resistencia —ou contraideoloxías. A grande importancia das ideoloxías radica en que guían a interpretación do mundo das persoas e condicionan o seu comportamento social; porén, posúen un nivel de xeneralidade e abstracción demasiado alto, de modo que é preciso distinguirmos no seu interior compoñentes máis específicas e concretas, a que chamamos actitudes. En canto as ideoloxías se forman sobre temas relevantes para un grupo coa función de defenderen os intereses deste —dominante ou dominado—, as actitudes posúense sobre calquera obxecto e situación.

Tamén se deben ter en conta os estereótipos, que son construtos cognitivos que fan referencia aos atributos dun grupo social e poden conter características positivas e negativas (Iglesias 2003: 28). Polo xeral utilízanse de forma negativa para que certos grupos manteñan a súa posición dominante sobre outros, isto é, cumpren unha función defensiva. Aplicando isto ás linguas, asóciase unha determinada lingua cun status socioeconómico concreto e, en consecuencia, considérase a mudanza de idioma como un dos medios para modificar ese status. Desa forma, as linguas acaban por funcionar como capital social, cultural, económico e simbólico. Porén, a creación de estereótipos é necesaria xa que nos permiten simplificar o mundo que nos rodea para o podermos comprender. Os estereótipos fan parte, pois, do proceso de categorización, unha das principais funcións que tamén posúen as actitudes. Os estereótipos negativos son aqueles que van asociados a preconceptos e desembocan facilmente na discriminación. E desta poden xurdir sentimentos de rexeitamento do propio e desexos de mudar de grupo social ou mesmo de lingua.

2.2. Preconcepto lingüístico, discriminación e morte das linguas

Os preconceptos para Iglesias (2003: 28) son sentimentos afectivos de rexeitamento que teñen a función de repudiaren o grupo máis débil, que se debe manter a distancia, e de xustificaren a superioridade do grupo dominante. Existen preconceptos sobre os pretos, as mulleres, os vascos ou cataláns, a lingua galega etc., isto é, sobre aquilo que ameaza os grupos dominantes. Neste sentido, para Bagno (2003: 12) os preconceptos son produto da intolerancia, principalmente cando esta é “fruto de unha visión de mundo estreita, inspirada en mitos e superstições que têm como único objetivo perpetuar os mecanismos de exclusão social”. Preconcepto e intolerancia tamén aparecen ligados en Leite (2008: 20), pois o primeiro é definido como “a ideía, a opinión ou o sentimento que pode conducir o individuo à intolerância”. A adquisición dos preconceptos prodúcese durante o proceso de socialización e transmítense sobre todo a través do discurso

⁵ Véxase tamén Baker (1992), Bagno (2003), Leite (2008) ou Ninyoles (1997 e 2005).

socialmente circulante, isto é, da información verbal, que é o medio de socialización por excelencia, xuntamente coa análise directa dos feitos; así, no caso do galego a propia experiencia adquirida a través da observación da conduta das persoas idosas pode convencer unha crianza de que este idioma non é válido para determinados usos.

Tuson (1990: 22-27), pola súa parte, distingue entre xuízos de valor e xuízos de feito. Os primeiros poden someterse a comprobación, fundaméntanse na experiencia colectiva e non dan lugar a preconceptos, en canto os segundos non son comprobábeis, poden construírse ou non sobre un consenso, ofrecen indicios sobre os gostos persoais e sobre a educación recibida, expresan a actitude de quen os fai e adoitan ser positivos ou negativos (*gostar de/non gostar de, bonito/feo, ben/mal* etc.). Os xuízos de valor poden afectar as persoas, os pobos, as linguas etc. con base en propiedades circunstanciais ou permanentes —representan características esenciais de persoas e grupos humanos. O problema é que, con frecuencia, os xuízos de valor adoptan fórmulas dos xuízos de feito e presentan como trazos negativos características inalienábeis de persoas e pobos —ser baixo, preto, muller...—, de modo que uns xuízos aparentemente descritivos se converten en discriminatorios. Por esta vía, os xuízos de valor poden conducir aos preconceptos sobre os pobos —por exemplo, sobre os escoceses, cataláns ou alemáns— e tamén sobre as linguas. Evidentemente, algúns dos xuízos de valor sobre as linguas están inducidos desde o poder, como cando se fala de linguas de cultura, linguas internacionais, linguas aptas para as leis ou a literatura etc. e, polo contrario, de linguas que non serven para nada diso. Os preconceptos, en definitiva, son xuízos atrevidos ou precipitados emitidos sen base suficiente por persoas que se deixan levar por tendencias non sustentadas na razón.

O preconcepto lingüístico é unha subclase dos preconceptos e afecta tanto as linguas como as persoas que as falan, converténdose nun medio para coñecer, mediante a fala, as características do interlocutor: a súa orixe social —fala galego, por tanto é da aldea—, a educación —fala ben o español, por conseguinte é unha persoa culta— etc. Neste sentido, a minusvaloración e abandono da lingua propia pode ser consecuencia dun preconcepto lingüístico que vai asociado á perda da autoestima e talvez ao autoodio en ocasións, como logo se verá. Moreno Cabrera toma como concepto básico ligado aos preconceptos o de ‘discriminación lingüística’, que define como calquera actitude cara ás linguas ou variedades que se basee na idea de estas se poderen clasificar en tipos e de existiren diferenzas entre eses tipos “que pueden justificar la concepción de que unas son superiores a otras total o parcialmente” (Moreno 2006: 15). Unha vez aceptado e estendido o preconcepto de que unhas linguas son inferiores ou superiores a outras, porase en andamento un proceso de discriminación dos e das falantes da lingua ‘inferior’ que os pode levar ao desexo de a abandonaren pola xulgada como superior. Habería que acrescentar ao anteriormente dito, para os propósitos que aquí interesan, que os preconceptos son xerados desde arriba como mecanismo de discriminación do débil ou inferior, mais logo poden ser asumidos por este. Así, a discriminación que provoca o preconcepto pode converterse en autodiscriminación e conducir ao autoodio.

Como utentes dunha lingua minorizada no seu propio territorio durante máis de cinco séculos, as persoas galegofalantes, de modo especial en se tratando de certas variedades diatópicamente marcadas, son vítimas aínda hoxe dos preconceptos acumulados nese longo período e inclusive sofren outros novos como consecuencia das transformacións que experimentou o contexto sociolingüístico galego e as circunstancias sociopolíticas no Estado, en Europa e no mundo. O proceso de globalización ou mundialización actual trae novas formas de dominio sobre as nacións e as culturas periféricas e xera tamén novos preconceptos sobre as linguas minorizadas. O galego non consegue, pois, liberarse duns preconceptos historicamente alimentados e propagados por uns poderes que, no fondo, continúan á procura do uniformismo político, cultural e lingüístico. Neste sentido, David Crystal (2003: 120-121), ao tratar sobre a morte das linguas, sinala precisamente a asimilación cultural como factor decisivo para a substitución lingüística e afirma que cando unha cultura asimila outra a orde de eventos que afecta a lingua en perigo parece ser a mesma en toda a parte: primeiro, unha inmensa presión de orde política, social ou económica para que as persoas falen a lingua dominante; como resultado, en segundo lugar, un período de bilingüismo emerxente en que as persoas se van facendo cada vez máis

competentes na nova lingua sen esqueceren a orixinal, aínda que co tempo esta comeza a declinar; e, en terceiro lugar, a xeración máis nova vai facéndose máis competente na nova lingua e identificándose máis con ela, de modo que a orixinal comeza a perder prestixio, xorden actitudes negativas dos e das falantes cara a ela e aparecen sentimentos de vergoña por a falaren ou por seren identificados con ela, de modo que progresivamente se vai convertendo en lingua residencial da xente idosa que a usa no reduto doméstico como dialecto familiar.

Neste proceso descrito por Crystal e aplicábel ao galego cos seus ritmos propios, as actitudes e os preconceitos desempeñan, como se ve, un papel importante e conducen á morte das linguas. De aí a importancia da súa superación para a sobrevivencia dunha lingua en situación de minorización. Na actualidade parecía térense reducido os preconceitos sobre o galego entre a xente nova, aínda que isto non se traducise nun aumento do uso desta lingua nas novas xeracións, mais nos estudos elaborados ao respecto (González 2003, Iglesias 2003 e 2007) aínda se constata unha presenza importante de preconceitos nesa faixa etárea, de modo que a idade non semella unha variábel tan destacada ao falarmos deles. Na realidade, a mocidade o que fai é reproducir os preconceitos que aprendeu da xente de idade e que circulan a través do discurso socialmente operante. E os preconceitos, xunto coas actitudes lingüísticas, están na base da xeración do fenómeno do autoodio.

3. DESPRESTIXIO DA LINGUA E COMPLEXO DE INFERIORIDADE COMO PRECEDENTES INMEDIATOS

Terminado o período medieval, a lingua galega entra nun proceso de substitución lingüística polo castelán, convertida en lingua do poder e lingua prestixiada. Durante os séculos escuros, como mínimo aínda na primeira metade do XVII, cando menos unha parte da aristocracia galega coñecía mal o castelán e vivía instalada no galego como lingua de uso habitual e familiar, a practicar unha diglosia semellante á que na época actual se dá nas clases populares. Mais xa neste período se acha instalado entre todas as clases sociais o menosprezo da lingua propia, que irá estendendo esa diglosia cara ás capas aínda monolingües en galego. Paulatinamente vaise identificando o galego cunha maneira natural de falar, sen relación ningunha coa cultura, e vaise abrindo paso a crenza de ser unha forma corrupta do castelán, chegando a se explicar tal suposta corrupción como se dunha eiva ou tara mental se tratase. E todo isto derivado dunha situación socioeconómica que levaba moitas persoas monolingües en galego e de condición humilde a teren de se deslocar á corte para realizaren os traballos máis desprestixiados, coas consecuentes burlas e escarnios xeneralizados contra elas e contra a súa forma de falar, como reflicte a literatura española dos chamados séculos de ouro (cf. Castelao 1961: 238).

A substitución dunha lingua por outra é sempre un proceso difícil e traumático; por iso varios séculos de presión sobre o galego e de imposición doutra lingua allea non conseguiron o obxectivo de acabaren con el. Moitas persoas continúan a ter como lingua habitual de relación, nomeadamente a nivel íntimo e coloquial, o galego a pesar de teren sido convencidas da súa inutilidade, mais outras mudaron de idioma nos últimos séculos e aínda están a mudar na actualidade. No longo proceso de substitución en que está inmerso o galego houbo tempo para que o bilingüismo emerxente de que fala Crystal (2003: 122) se convertese en xeneralizado, nunha situación de diglosia que se propagou por toda a sociedade, e para que aflorasen os sentimentos de vergoña, o complexo de inferioridade e inclusive o autoodio, "un dos procesos que impulsan, na nosa sociedade, o cambio de idioma" (Ninyoles 2005: 193). Igualmente, como careceu de prestixio social durante séculos, chegou a desaparecer dese lado serio da vida e mesmo se fixo politicamente invisíbel (Crystal 2003: 126), sendo abandonado no período actual pola maioría da xente nova. Porén, e contradicindo dalgunha maneira a opinión de Crystal, desde a que el denomina terceira fase avanzada no proceso de substitución lingüística, en que o galego estaba, tórnase indubitábel que conseguiu recuperar prestixio social, aínda que só en determinados ámbitos, que recuperou usos 'serios' que tivera na época de normalidade medieval e que non só se tornou politicamente visíbel como mesmo se pode dicir que se fixo dominante nese ámbito, cando menos aparentemente.

No entanto, o que non conseguiu vencer o galego son algúns dos preconceptos que pexan o proceso de revitalización e que teñen xeralmente a súa xénese nese percurso histórico de desprestixio e menosprezo do idioma. Xa Castelao foi ben consciente dos efectos perversos da subordinación política da Galiza, que converteu o galego en lingua subalterna e afastada dos usos cultos, e que supuxo a implantación do castelán como lingua de poder e de prestixio, o cal provocou que as clases altas galegas fosen paulatinamente abandonando o idioma propio e adoptando o foráneo, en canto as clases baixas se viron desprezadas por falaren a lingua que sempre falaran e que outrora fora lingua cortesá e lingua peninsular da lírica; entre as consecuencias que disto se derivaron cita o complexo de inferioridade: “Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben” (Castelao 1961: 42). Ligada ao complexo de inferioridade, aparece tamén neste autor a referencia ao desprezo da propia lingua e mesmo un sentimento de vergoña que semella próximo do concepto de autoodio:

En Galiza, inda as mesmas xentes que non saen d-alí, as xentes do povo que se sirven da súa língoa, como queira que ésta, durante moito tempo, pasou a ser o idioma das crases inferiores, teñen sempre un pouco de rubor ao falaren, como se a conciencia os acusara de empregaren un instrumento vil ou envilecido (Castelao 1961: 284).

Aínda na actualidade Ramallo (2010: 33) sinala dentro da tipoloxía sociolingüística de galegofalantes o falante “oculto (vergoñoso) en público”, que caracteriza como “falante inseguro, con frecuencia inzado de prexuízos sobre a lingua e que prefire expresarse nun castelán marcadamente galeguizado”. O complexo de inferioridade vai asociado a aqueles grupos sociais que se consideran por debaixo doutros, aos cales polo xeral gostarían de pertencer, e que cando menos no plano económico, realmente adoitan estar en peor posición. É por iso que tal sentimento non se dá por razóns lingüísticas nas persoas que falan as linguas dominantes e si nas que falan as dominadas. Por consecuencia, a baixa autoestima e certo complexo de inferioridade das e dos falantes galegos e valencianos, por exemplo, non se dan na mesma medida en Cataluña, aínda que o acomlexamento non falte tampouco alí (Larreula 2002: 390); mais, de certo, eses trazos son máis acusados en Valencia, onde Joan Fuster (1976: 225-230) sinala o complexo de inferioridade como unha característica relevante da sociedade.

Como indica Solé i Camardons (2001: 159-161), o proceso de identificación dos e das falantes das linguas dominadas co grupo sociolingüísticamente dominante leva consigo dependencia a respecto deste e mesmo complicidade cos seus comportamentos e accións, aínda que vaian dirixidas directamente contra a existencia do grupo de orixe e supoñan o xenocidio lingüístico e cultural deste. Mais para chegar a esta situación, que presupón a perda da conciencia lingüística, tívose de producir con anterioridade unha serie de experiencias xeradoras de má conciencia e nomeadamente dun complexo de inferioridade motivado por unha situación de conflito. Este derivaría da tensión entre a vontade de se pasar ao grupo dominante e de ser socialmente aceptado, e o medo provocado por unha frustración reiterada nunha serie de situacións sociolingüísticas parecidas. Tal complexo de inferioridade das persoas falantes das linguas dominadas é paralelo co de superioridade que senten as que falan as linguas dominantes e obedece a mecanismos psicolóxicos porque, a pesar de estaren motivados por procesos sociais, terminan por ser interiorizados polos/as falantes, que se comportan de forma inconsciente. Fai alusión García Negro (2009: 163), neste sentido, a que Portugal se construíu “negando a Galiza” por esta ser un “elemento derrotado, esquecibel e falta de Estado” e que na Galiza

a popularización do castrapo ‘portuxés’ é só indicativo dunha síndrome psicanaliticamente analisábel: a repulsión do idéntico e, simultaneamente, a compensación da inferioridade real face ao español en simulación de superioridade face ao Outro, que neste caso é o semellante, que aínda se autoconceptúa máis baixo.

Por iso afirma máis adiante esta autora que o afastamento e escisión cultural entre a Galiza e Portugal só contribúe para o “mantemento do statu quo españolizado e españolizador”, servindo “ao furto da nosa historia e, por aquí, a estabilizar o complexo de inferioridade” (García Negro 2009: 166). Como acontece co sentimento de autoodio, a que está estreitamente ligado, o

complexo de inferioridade tamén pode acabar por desencadear un proceso de mudanza de lingua. Na realidade, Solé i Camardons (2001: 160) considera o autoodio como o desenvolvemento violento do complexo de inferioridade cando a mudanza lingüística se torna independente das razóns orixinais que a xustificaban. Isto quere dicir que, a pesar de xa non existiren razóns aparentes para continuar a xustificar a deserción ou deslealdade lingüística, a persoa acomplexada e con má conciencia desenvolve un sentimento de autoodio que a leva a rexeitar calquera característica do seu grupo de orixe, a ser hipercrítico ou destrutivo con el e a desexar acriticamente todo o relacionado co grupo dominante. Neste sentido, unha persoa chega a odiar a súa lingua porque a asocia con experiencias negativas en que o uso dela se tornou un obstáculo para as súas relacións e progreso social.

4. SOBRE O AUTOODIO LINGÜÍSTICO

Segundo o visto, a minusvalorización e abandono da lingua propia tamén pode ser consecuencia dun preconceito lingüístico que mellor se podería denominar, de acordo con Tuson (1990: 29), autopreconceito, autoodio ou deslealdade lingüística. Murgades (2003) usa o termo 'autoodio' como equivalente a baixa autoestima, en canto Gibert (2004: 120) o sitúa "entre la introjección i la identificación amb l'agresor"; para Solé (2001: 160-161) o autoodio é un dos fenómenos máis característicos das situacións de subordinación e minorización sociolingüística, moi vinculado co complexo de inferioridade, como se acaba de ver, e cita a *coentor*, termo usado en Valencia desde o século XIX, como a variante local do autoodio que fai referencia ás consecuencias derivadas do abandono do catalán por parte da burguesía valenciana; para este autor a característica máis significativa deste fenómeno é o odio cara á lingua propia, que se manifesta explicitamente "amb el *refús* a usar-la fora dels àmbits o les situacions on encara és considerat normal el seu ús" (Solé 2001: 161)⁶. Con todo, o autoodio é un fenómeno máis amplo que, cando se aplica ao ámbito das linguas, debe ser propiamente denominado como 'autoodio lingüístico'.

O 'autoodio' (*self-hatred*) foi definido polo psicólogo norteamericano Gordon W. Allport (1954), seguindo as investigacións de Kurt Lewin, como o sentimento de vergoña que alguén pode ter por posuír as características —reais ou imaxinarias— que despreza no seu propio grupo. Exemplifica este autor tal sentimento nun xudeu americano:

A Jew may hate his historic religion (for if it did not exist he would not be marked out for persecution). Or he may blame some one class of Jews (the orthodox, or those who are dirty, or the merchants). Or he may hate the Yiddish language. Since he cannot escape his own group, he thus in a real sense hates himself — or at least the part of himself that is Jewish. To make matters worse he may hate himself for feeling this way (Allport 1954: 151).

Tal concepto, como se desprende desta citación, xurdiu vinculado ao estudo das actitudes de submisión e dominio con relación aos grupos étnicos, isto é, á análise das tensións que se producen nas minorías raciais ou culturais, onde afloran conflitos e colisións étnicas non só entre diferentes grupos en contacto, mais tamén entre membros dun mesmo grupo, de modo que este se pode subdividir en subgrupos con posicionamentos contrarios perante problemas comúns. Neste sentido, advirte o propio Allport de que aquel sentimento de vergoña pode provocar nun individuo unha tendencia asimilacionista que o leve a se integrar completamente no grupo dominante cando as circunstancias o permitiren.

Aplicado o concepto de autoodio ao ámbito lingüístico, utilízase habitualmente asociado ás actitudes lingüísticas, ao desprestixio das linguas e á inseguranza lingüística (Macaulay 1975). Tivo especial acollida na sociolingüística do catalán (Kabatek 1994), de onde se proxecta á galega (cf. Rodríguez 1998: 62, 82, 87 etc.). Talvez fose o sociólogo valenciano Rafael L. Ninyoles (2005: 186-196) quen no ámbito peninsular máis atención lle prestou ao fenómeno do autoodio lingüístico, que o diferencia do baseado en trazos biolóxicos ou físicos (p. e., cor da pel) por os caracteres lingüísticos non seren tan decisivos debido a que os grupos de idiomas son relativamente abertos; isto é, unha persoa non pode mudar a cor da súa pel, mais si é capaz de mudar de lingua, de modo que

⁶ A letra itálica desta citación textual corresponde ao orixinal, como nos casos sucesivos que se presentaren neste traballo.

podemos convir en que o individuo que experimenta o sentimento de autoodio lingüístico conta con grandes posibilidades de facerse finalmente diferenciábel da maioría ou do grupo culturalmente dominante e de cumprir a súa aspiración de abandonar o grupo orixinario (Ninyoles 2005: 187).

O autoodio produce como primeiro efecto a identificación cos intereses culturais do grupo dominante, o que provoca no individuo que o padece unha máis aguda sensibilidade a respecto da súa propia inferioridade e un impulso cara ao rexeitamento das características sociais e culturais do grupo a que pertence, entre elas o idioma. Desta forma, o grupo propio convértese en grupo de referencia negativa, perante o cal ese individuo non só se deberá mostrar indiferente, mais dependentemente hostil, segundo afirma Ninyoles (2005: 189). Refírese a seguir este autor o sentimento de autoodio dos *xuetes*, mallorquinos de orixe xudía, a través dunha personaxe da obra *Mort de dama*, de Llorenç Villalonga, onde transparece a agresión contra un mesmo —a intropunición— como unha das posibles saídas do autoodio. Máis outro exemplo de autoodio aducido polo sociólogo valenciano é o de certa burguesía negra dos Estados Unidos que, ao mellorar no status económico, tenciona desfacerse da súa vinculación coa comunidade preta. No entanto, é o romeno E. Cioran (1956: 57-58) quen nos deixou un dos testemuños máis dramáticos do autoodio:

Je confesse avoir naguère regardé comme une honte d'appartenir à une nation quelconque, à une collectivité de vaincus, sur l'origine desquels aucune illusion ne m'était permise [...]. "Comment peut-on être Roumain?" était une question à laquelle je ne pouvais répondre que par une mortification de chaque instant. Haïssant les miens, mon pays, ses paysans intemporels, épris de leur torpeur, et comme éclatants d'hébétude, je rougissais d'en descendre [...] j'en vins à rêver d'une extermination. On ne massacre pas des pierres. Le spectacle qu'ils m'offraient justifiait et dérouterait, alimentait et écoeurait mon hystérie. Et je ne cessais de maudire l'accident qui me fit naître parmi eux.

Máis directamente aplicado o concepto de autoodio ao ámbito lingüístico, cita tamén Ninyoles certos sentimentos de irritación, inseguranza, conflito ou hostilidade de sectores galeses anglizados que Esyllt T. Lawrence pon ao descuberto no artigo "El basquisme d'Unamuno"; estas persoas, que substituíron o seu idioma propio polo inglés, sentirían un odio máis ou menos mascarado contra o galés por unha má conciencia que as atormenta e que as leva a desexaren a morte deste idioma ao cal non puideron ou non quixeron ser fieis; tal morte causaría neles unha mestura de sentimento de culpa e de liberación. Estaríamos así perante "o desexo de ver desaparecer o propio idioma para non sentir máis remordemento pola súa causa"; isto é, perante "a síndrome do autoodio" que se acha "exacerbada en determinados sectores da sociedade valenciana" na opinión de Ninyoles (2005: 192) e que tamén podemos ver nalgúns sectores da sociedade galega.

A actitude de autoodio leva consigo un sentimento de frustración que provoca agresividade contra unha causa non-real como é a presunta inferioridade do propio grupo ou do grupo de orixe e non contra o comportamento do grupo privilexiado, que é onde radica a causa real do conflito. Prodúcese así, na opinión de Ninyoles, unha resposta "intropunitiva" de efecto *boomerang*: esa agresividade xerará nova frustración e esta nova agresividade. O mecanismo xerador do autoodio está na presión externa (política, económica, social, cultural etc.) exercida polo grupo dominante, que ben pode provocar no individuo unha reacción de defensa do propio grupo —extropunición realista— ou deslocar a súa agresividade sobre este —intropunición—, tentando ocultar os trazos que o relacionan con el; é neste caso cando se fala de autoodio.

En conclusión, aplicando ao ámbito lingüístico e ampliando a definición que do autoodio en xeral fai Allport, poderíase dicir que o autoodio lingüístico é un sentimento de vergoña que algunhas persoas que falan linguas minorizadas padecen por falaren a súa propia lingua, o cal lles fai sentir desprezo por si propias e desexo de a substituíren pola de maior prestixio, ao mesmo tempo que ansían abandonar o grupo social a que pertencen para se integraren noutro que consideran superior. Aínda que está moi relacionado coa baixa autoestima, coa deslealdade lingüística ou co complexo de inferioridade, o autoodio non é equivalente a ningún destes conceptos sociolingüísticos, pois unha persoa pode ter pouca ou nula autoestima como falante dunha lingua minorizada, pode ser desleal con ela e abandonala por outra en que ve máis oportunidades de ascenso social —o que se entende por alguén 'oportunista'— ou mes-

mo pode sentirse acomplezado por a falar e, porén, non ter autoodio. Este constitúe, pois, un concepto sociolingüístico diferente, que presupón inconformismo con esa situación e rebelión contra ela, cando menos interior, ben como certo grao de agresividade cara a un mesmo e cara á comunidade lingüística a que orixinarmente pertence. A deslealdade lingüística, en troca, non implica necesariamente un estado de disconformidade co uso da lingua propia nin desexo de a mudar por outra e moito menos ningún tipo de actitude agresiva; simplemente presupón a renuncia ao uso desa lingua en determinadas circunstancias por motivos de natureza pragmática, mesmo podendo ter sentimentos de simpatía cara a ela; tales motivos poden ser un espírito acomodaticio ao uso social dominante ou politicamente correcto, o desexo de evitar certa marca social como falante dunha lingua con algún tipo de estigma ou a adecuación ás expectativas que puideren ter outras persoas. Entre estes motivos pode estar tamén o afán de mellora socioeconómica sen renegar do grupo de orixe, que por veces leva ao abandono da lingua por mobilidade social ascendente; isto presupón deslealdade coa lingua de orixe, mais non autoodio. O complexo de inferioridade, por outro lado, está máis próximo do concepto de autoodio por implicar un certo sentimento de vergoña que leva a persoa que o padece a se sentir inferior, neste caso por falar a súa propia lingua, e a perder mesmo a autoestima; mais non necesariamente xera desprezo cara a si propia ou cara ao seu grupo nin desexo de o abandonar e renegar del. Se isto acontecer, entón será cando o complexo de inferioridade se torne en autoodio. Tamén non se debe considerar o autoodio lingüístico como un preconceito lingüístico propiamente dito, aínda que estea moi vinculado con el. De acordo coas definicións vistas con anterioridade, o preconceito é considerado un sentimento de rexeitamento que circula socialmente de arriba para abaixo, conducindo á discriminación do individuo ou grupo considerado inferior. Neste caso o autoodio non é un preconceito nin este o xera, aínda que discrimine. Mais o preconceito pode acabar por ser asumido pola persoa ou grupo inferior —e adoitado acontece así—, sendo entón cando leva á perda da autoestima ou ao complexo de inferioridade, e nalgún caso tamén ao autoodio.

5. O AUTOODIO LINGÜÍSTICO NA SOCIEDADE GALEGA DESDE A PERSPECTIVA HISTÓRICA

Que nalgúns sectores da sociedade galega se xerou o sentimento de autoodio lingüístico, tal como se vén de definir, parece ser un feito que a propia experiencia vital das persoas que moran na Galiza pode constatar, como tamén o fai o testemuño dalgúns ilustres observadores da realidade sociolingüística, aínda que non utilizasen directamente o termo aludido. Sendo moitos os testemuños que se poderían aducir, algúns xa referidos, a comezarmos mesmo polos que nos fornece a realidade diaria, convén tamén botarmos unha ollada ao pasado na procura dalgunhas referencias máis ou menos directas ao fenómeno que estamos a analizar. Isto é, unha vez constatada a presenza do autoodio no discurso sociolingüístico circulante hoxe en día na sociedade galega, en paralelo co que acontece noutras sociedades con lingua propia en situación de minorización, aínda sen podermos determinar realmente a extensión actual do fenómeno entre os falantes por non ser este o propósito que guía o presente traballo, parece oportuno procurarmos testemuños doutros tempos que nos sirvan de orientación para fixarmos a súa dimensión temporal.

5.1. Algunhas manifestacións escritas

Deixando de lado certas alusións en textos dos séculos escuros á situación marxinal do galego, xa no século XVIII Sarmiento (1970: 267-268), após contar a reiterada anécdota do emigrante temporeiro en Castela que en breve tempo esquecera o nome do 'angazo', condena aquelas persoas que mostraron desleixo polo seu idioma e máis aínda "los que han hecho estudio de olvidarles", a deixar transparecer así sentimentos de menosprezo e de renuncia á lingua herdada. No século XIX, ao se restaurar o uso escrito do galego, son moitos os testemuños escritos que

poñen en evidencia o desprestixio do galego e a súa minorización social, desde os diálogos composteláns da primeira parte do século até *A Gaita Gallega* de Pintos (1853), o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Mirás, de 1864, a novela *Majina ou a filla espúrea* de Marcial Valladares, de 1880, ou outros moitos textos tanto literarios como xornalísticos. Nalgúns deles evidéncianse sentimentos de desprezo, desconsideración ou vergoña polo idioma propio, chegándose a constatar xa na altura o tópico, tamén actual e xa suxerido en Sarmiento, da vangloria de o ignorar: *e catro farafullíñas/ se gaban de non sabelo* (Pintos 1853: 37); no tránsito intersecular o 'poeta da montaña' deixa constancia da falta de estima polo galego xa nas clases populares, que inclusive chegarían a reprimir o seu uso nos fillos con castigos físicos: *A lingua de Rosalía [...] / moitos n'a saben falar, / y-os máis non lle teñen pía. / S'hay quen non val un pitillo, / nin sementa un grau de millo, / nin ha d'heredar un rego, / e dall'azoutas ô fillo / pra que non fal'en gallego!* (Noriega 1904: 30).

Un poema pondaliano deixa patente o sentimento de vergoña pola lingua propia e o seu abandono por outra estranxeira: *A lingua tiveran / por lingua d'escravos; / esqueceran os patrios acentos, / suidosos e brandos. / Dos propios acentos tiveran vergonza; / de cautivos falaran palabras, / de servos e ilotas. / Deixaran os doces / acentos jocundos / por estrañas palabras de servos [...]* (Pondal 1995: 164); outro poema da mesma autoría introduce o verbo 'renegar' para a descrición da mudanza lingüística, con duros cualificativos para quen así actuar: *Dos pátridos acentos, / infames renegaran, / e tiveran parolas / de servos e de parias, / e as mólidas notas, / imbéciles trocaran / p'runs escuros acentos de ferro / dunhas gentes estrañas [...]. / ¿Quen poderá dun pobo envilecido / borrar vergonza tanta?* (Pondal 2001: 23).

Tamén no poema "Deitado fronte ao mar..." de Celso Emilio Ferreiro (1989: 117) se explicita con clareza o proceso de abandono do propio grupo como consecuencia da mellora económica; e con el igualmente a deserción da lingua propia, para abrazar a da nova clase a que se quere adscribir, nun proceso de deslealdade lingüística que, como se viu, Tuson equipara co autoodio: *[...] dunha tristura aceda que me abrangue / ao ver tantos patufos desleigados, / pequenos mequetrefes sin raíces / que ao pór a gabata xa non saben / afirmarse no amor dos devanceiros, / falar a fala nai, / a fala dos abós que temos mortos [...]*. Outro poeta amigo e coetáneo do anterior, Manuel María, é citado por Ninyoles (2005: 194) para explicar a mudanza de lingua como consecuencia do autoodio. Trátase do poema "Acuso a clase media", pertencente ao libro *Remol*, onde figuran estes versos: *Acuso a clase media de egoísmo, / de non ser solidaría co seu povo, / de brutalidade e de ñorancia, / de lle bicar os pés ós poderosos, / de traficar coa fame e coa miseria, / de vivir na súa terra despreciandoa, / intentando borrar o seu idioma, / asesinando o seu ser diferenciado [...]* (Manuel María 1970: 65). Non considera Ninyoles unha casualidade que neste poema se increpe a clase media, pois é neste estrato social onde as tensións xeradoras do autoodio se tornan máis virulentas; en troca, acha que non costuma aflorar o autoodio entre as clases dirixentes nin entre as capas máis baixas da sociedade⁷.

Son moitísimos máis os testemuños escritos, literarios ou non, que se poderían aducir para atestarmos o fenómeno do autoodio lingüístico na sociedade galega. Mais libéranos desta tarefa o libro que leva por título *A represión lingüística en Galiza no século XX*, de María Pilar Freitas Juvino (2008), onde se inclúen textos de todos os tipos que dan cumprida conta da presenza deste fenómeno e de manifestacións similares ao longo do pasado século. Especificamente, hai un capítulo dedicado ao desprezo pola lingua no primeiro terzo do século XX (Freitas 2008: 242-253) onde se citan moitas referencias de autoría diversa que patentizan sentimentos de minusvalorización da propia lingua ou de vergoña por facer uso dela. Aínda que neste período non estaba en circulación o termo autoodio desde o ámbito académico, porén Antón Vilar Ponte,

⁷ Porén, Isaac Díaz Pardo (1987: 141-142) dá conta dun caso vinculado co autoodio onde a persoa afectada ocupaba unha posición social alta. Trátase do arcebispo de orixe galega Leopoldo Eijo Garay, a quen o profesor Montero Díaz lle tería comentado, a modo de brincadeira, nunha recepción académica o inadecuado do seu primeiro apelido para poder sustentar a súa nobre liñaxe: "Es que si a usted le pusieran Eixo o Eje pues estaría bien, pero meterle el castro ese la gente puede pensar que no es cierto lo de su raíz aristocrática..." Parece que tan preocupado ficou o prelado que abandonou a recepción antes de tempo e na semana seguinte non paraba de telefonar o profesor na procura dunha solución para tal problema: "Los últimos días, dijo Montero Díaz, daba señales, a través del teléfono de enajenación y decaimiento, hasta que a los 8 días justos de aquella recepción académica se publicó la noticia del fallecimiento de Don Leopoldo".

nun artigo en castelán publicado en *El Pueblo Gallego* xa se vai aproximando del tanto na forma, ao utilizar o verbo *auto-desprecia*, como no fondo:

Francamente, somos un pueblo sin conciencia propia, o lo que es igual, sin memoria colectiva, que se auto-desprecia a todas horas y con todos los motivos. Que reniega de su situación geográfica por la que posee los mejores puertos y la costa más europea y rica de España, lo mismo que los paisajes de mayor belleza del mundo al renegar de sus lluvias, sus nieblas y sus montes. Que desdeña bailes típicos y su música popular, considerando superiores los de otros países. Que se avergüenza de su lengua, aunque le digan los que se la arrancaron, que es una lengua dulce susceptible de ser instrumento de creaciones geniales como las que Portugal alumbro, y que oculta o disimula el acento natural —cosa que jamás le ha ocurrido a ningún otro pueblo— tal que si se tratase de un estigma vergonzoso (Villar Ponte 1971: 311).

Este desprezo dalgunhas persoas galegas polo que lles é propio e por si mesmas —autoodio— non é o mesmo fenómeno que o desprezo que puideren sentir outras persoas foráneas pola comunidade galega, a súa lingua ou as súas xentes. Máis ben o primeiro é en parte consecuencia do segundo, que vén de finais da Idade Media e dos séculos escuros (Freixeiro 2009a: 48-55), do cal xa nos falara Castelao (1961) por extenso ao longo das páxinas do *Sempre en Galiza* e tamén García Negro (2009: 153-167); esta autora usa o termo 'galegofobia', xa utilizado en 1916 por Antón Vilar Ponte como título dun artigo de prensa (Freitas 2008: 248). Así pois, a galegofobia que se desatou en Castela e tamén en Portugal após o período medieval por a Galiza ficar politicamente anulada e economicamente empobrecida, coas súas manifestacións nos textos literarios dos grandes autores, constitúe unha das bases principais para o desenvolvemento do fenómeno do autoodio; curiosamente, como tamén indica García Negro, hoxe a 'lusofobia' converteuse nunha modalidade da galegofobia ("e viceversa").

5.2. Sectores sociais afectados

En xeral, pódese afirmar que se dá este fenómeno en comunidades étnicas e culturais en situación de inferioridade a respecto dos grupos dominantes e desprestixiadas social e economicamente, o cal provoca desexos de mudanza de grupo en quen ten aspiracións de mellora. Cando estes grupos étnicos constitúen comunidades lingüísticas con lingua propia en situación de minorización a respecto doutra en posición dominante, o autoodio tórnase tamén en autoodio lingüístico; sería este o caso do galego, bretón, occitano, galés etc. no ámbito europeo, mais tamén o doutras moitas linguas minorizadas estendidas polo mundo. Aínda se ten aplicado igualmente este concepto de autoodio lingüístico a casos en que, non habendo unha lingua en posición dominada, son as variedades baixas desa mesma lingua as que sofren estigmatización (cf., p. e., Posadas 2003 ou Schmid 2010). Por tanto, o ámbito de incidencia social deste fenómeno non se pode circunscribir a unha área xeopolítica determinada nin a variedades lingüísticas específicas; na introdución ao presente traballo xa se deron algúns datos ao respecto.

Por conseguinte, tamén non é o autoodio lingüístico específico da Galiza no marco estatal, pois polo xeral adoita manifestarse en todas as comunidades con lingua propia diferente do español; por exemplo, detéctase con clareza en Valencia segundo expón Ninyoles nos seus traballos, entre outros moitos autores, e en xeral en todo o dominio lingüístico do catalán, incluída Cataluña (Kabatek 1994), aínda que nalgún caso tamén falen do odio que desperta a lingua catalá no Estado español (Larreula 2002: 260-273). Mais talvez na comunidade valenciana teña unha maior presenza e as razóns semellan claras: en Valencia, como na Galiza, a lingua propia está estigmatizada como marca de clase baixa que obstaculiza o ascenso social, en canto en Cataluña é utilizada pola burguesía urbana e goza de máis prestixio entre as persoas que a falan. Con todo, o manexo deste termo é habitual en todo o ámbito lingüístico do catalán (Solé 2001: 160-161) e en xeral das outras linguas minorizadas da península ibérica.

Estamos a nos referir nesta parte do traballo de modo específico ao autoodio na sociedade galega desde a súa vertente histórica, con algunha proxección cara á actualidade; e facémolo após termos referenciado outros ámbitos sociolingüísticos afastados do galego. De todo o até aquí dito pódese deducir que, evidentemente, o autoodio non é un fenómeno exclusivo da

comunidade lingüística galega. Mais tamén non se pode afirmar que sexa un fenómeno xeral na sociedade galega tanto do punto de vista diacrónico como sincrónico, pois non afectou, nin no seu caso afecta, todos os estratos sociais nin todas as persoas pertencentes a un mesmo grupo ou clase. Máis ben está ligado coa mobilidade social ascendente e coas clases medias urbanas, de modo especial as de orixe rural, que estiveron máis directamente sometidas ás presións dos grupos sociais e lingüísticos opostos. Algo disto está suxerido na obra ensaística fundamental de Castelao (1961: 42) ao dicir que o galego foi “somentes refugado pol-os señoritos ou por *traballadores* que quixeran ser *señoritos*”. Non se produce na mesma medida o autoodio no medio rural, tanto por non existiren esas presións como polas tradicionalmente menores expectativas de ascenso social, a pesar da baixa autoestima como galegofalantes e de certo complexo de inferioridade perante as persoas castelanfalantes; nin tampouco se produce en iguais proporcións o autoodio, con certeza, entre as clases burguesas urbanas, pois na realidade xa deixaran de falar galego no século XIX cando menos, o cal non é contradictorio con sentiren desprezo ou desconsideración pola lingua galega.

Os testemuños escritos achegados na epígrafe anterior parecen avalar estas deducións, cando menos desde unha perspectiva histórica. Tamén semellan ter o aval teórico dalgúns especialistas citados ao longo deste traballo cando describen o fenómeno con carácter xeral e se refiren concretamente aos grupos sociais afectados. Desde a perspectiva actual, a propia experiencia como persoa galegofalante e observadora atenta da realidade sociolingüística tamén me conduce a suxerir que o autoodio está presente na sociedade galega actual nunha medida que supera a duns poucos casos puramente anecdóticos e que as persoas que se ven afectadas pertencen polo xeral a clases medias urbanas de orixe rural con aspiracións de ascenso social. Porén, aínda posuíndo unha impresión xeral que se pode aproximar máis ou menos da realidade, sen un estudo empírico non é posíbel determinarmos hoxe en día que grao real de presenza ten o autoodio na sociedade galega, en que sectores concretos se produce e cal é o perfil social das persoas que continúan a manter sentimentos e comportamentos de autoodio. Mais isto excede os propósitos do presente traballo, que máis ben pretende ofrecer unha análise e reflexión teórica sobre o autoodio en xeral e a súa aplicación á sociedade galega desde unha perspectiva histórica.

5.3. Algunhas consecuencias derivadas

O autoodio produce consecuencias que afectan os comportamentos lingüísticos individuais e que tamén poden afectar o futuro das linguas no seu conxunto. As actitudes e os estereótipos negativos sobre as linguas inician o proceso de xeración dos preconceitos lingüísticos que conducen ao desprestixio dalgúns idiomas, á perda da autoestima e ao complexo de inferioridade das persoas que os falan e, como consecuencia, ao abandono da lingua orixinaria para ser substituída pola de máis prestixio. O autoodio, como manifestación extrema dos preconceitos lingüísticos cando estes son asumidos polas propias persoas falantes, é tamén un poderoso axente da deslealdade lingüística e, por iso mesmo, convértese nun motor da mudanza de idioma. Por tanto, o autoodio tamén contribuíu e aínda pode estar a contribuir para o abandono do galego e para a súa substitución polo español; isto é, persoas galegofalantes en liña de progreso económico ascendente viron no galego un obstáculo para o seu paso a unha clase social superior e substituírono polo idioma que usaba a nova clase a que aspiraban. Como lóxica consecuencia da súa deslealdade lingüística, unha vez instalados na nova lingua após o problemático e dificultoso proceso de adaptación, van transmitir ese novo idioma á súa descendencia, a romperen así a cadea de transmisión interxeracional do galego de que seus pais e avós fixeran parte. E esta é, ben o sabemos, a principal causa que explica a grande perda de falantes da lingua galega nos últimos tempos, nomeadamente entre a xente nova.

Porén, non é esa a única consecuencia negativa para o idioma propio que o autoodio foi xerando na Galiza desde a súa aparición, posibelmente xa nos séculos do galego medio, após a perda da normalidade lingüística medieval. Ao mesmo tempo que abandonaban o idioma familiar, as persoas neofalantes do castelán convertíanse tamén en axentes activos contra o galego,

colaborando no seu desprestixio e na extensión dos preconceptos que o limitaban. Así pois, a conduta das persoas con autoodio que mudan de lingua non se torna pasiva; polo contrario, o abandono do grupo lingüístico orixinario implica frecuentemente un sentimento de hostilidade cara ás persoas que continúan integradas nel, como se sentisen a necesidade de lles manifestaren o mesmo menosprezo que elas recibiron dos seus superiores, a desenvolveren así unha intolerancia militante a respecto das persoas que manteñen a lealdade lingüística, cara ás que mostran un sentimento de odio de que tamén fan partícipe o propio idioma, de modo que o que se converteu en “submisión, por unha parte, devén intemperancia pola outra” (Ninyoles 2005: 195-196). En último extremo, poderíamos dicir que o autoodio conduce á mudanza de lingua e con ela á mudanza de identidade, como ben exemplifican estas palabras: “Qui renie sa langue, pour en adopter une autre, change d’identité, voire de déceptions. Héroïquement traître, il rompt avec ses souvenirs et, jusqu’à un certain point, avec lui-même” (Cioran 1956: 63).

Fica en evidencia, en síntese, que todas as manifestacións máis ou menos próximas do autoodio van historicamente unidas ao proceso de substitución do idioma galego polo castelán. A imposición deste desde finais da Idade Media como lingua do poder e a consecuente marxianación e menosprezo do galego foron xerando nas clases superiores galegas que aspiraban a manter ou incrementaren a súa posición a conveniencia de mudaren o seu idioma propio polo da nova clase dirixente foránea. Vaise iniciar así lentamente unha tentativa de mobilidade social ascendente que tamén acabará por implicar mudanza do idioma e que comeza polas clases altas, mais que se vai ir estendendo ás intermedias. A deslealdade a respecto do grupo de orixe que esa mudanza implica, asociada ao sentimento de vergoña derivado do desprestixio do galego e a certo complexo de inferioridade que se vai instalando entre as persoas galegofalantes, vai ir xerando entre unha parte destas con aspiracións de ascenso social o sentimento de autoodio, que co tempo se vai converter nun eficaz instrumento da castellanización e nun destacado axente da desgaleguización.

Estas son, desde a miña perspectiva, as consecuencias sociolingüísticas que historicamente foi provocando o autoodio na sociedade galega, xunto con outros factores, claro está. Mais isto non quere dicir que na actualidade os factores de natureza sociolingüística continúan a operar exactamente da mesma forma, entre outras razóns porque as circunstancias sociais e lingüísticas son moi diferentes. A sociedade actual está moito máis castellanizada, de modo que moitas persoas que antes podían ser susceptíbeis de adquiriren sentimentos de autoodio por mudaren de ámbitos máis ou menos rurais a urbanos, hoxe estarían plenamente instaladas no castelán, en moitos casos xa a súa lingua inicial aínda que os seus pais fosen galegofalantes. Cómpre ter en conta neste sentido que tamén decreceu de forma drástica o éxodo do mundo rural ao urbano nas últimas décadas, factor importante para a xénese do fenómeno de que estamos a falar. Quere isto dicir que diminuíu considerablemente a base de falantes sobre a cal podería operar o autoodio e por tanto parece lóxico presupor que o número de persoas que hoxe desenvolve tal sentimento é sensiblemente menor que antes; estaríamos perante unha cuestión puramente estatística: menos falantes, menor base social para o autoodio. Por outro lado, tamén é certo que o galego —e nomeadamente certas variedades de galego— gañou prestixio social nos últimos tempos, incorporando mesmo neofalantes, que de todas as formas non compensan a perda de galegofalantes que se está a producir a nivel xeral; mais isto tamén axuda certamente a reducir a incidencia do autoodio. Con todo, que hoxe o número de persoas que padece autoodio sexa menor non implica que non exista e que non estea a ter consecuencias negativas na tentativa de revitalizar o galego.

6. VELLAS CONCEPTOS, NOVOS PARADIGMAS E EUFEMISMO

Aínda se podería considerar outro aspecto, embora só sexa de modo colateral e como simple hipótese, en relación coas consecuencias do autoodio: a renuncia ao uso de termos propios do galego e a súa substitución polos correspondentes casteláns en casos en que as propias persoas falantes son ben conscientes dese feito; trátase de castellanismos utilizados para evitar formas galegas que as persoas galegofalantes consideran feas, brutas ou incaídas para determinados

contextos. Estamos así perante a interferencia de converxencia, como ben explicita unha gravación recollida en Fernández Rei / Hermida (1996: 116-117), onde unha moza aldeá que pasou a morar na cidade reprende con dureza unha veciña idosa da súa mesma aldea por pedir nunha tenda da cidade un quilo de uvas "mouras": —¡Di negras! ¡Di negras! Esa é unha palabra moi mal dita. Como afirma Kabatek (1997: 228-229) após comentar este mesmo exemplo, a interferencia de converxencia "acerca a los hablantes a la lengua de contacto e indica la voluntad de este acercamiento", a facer parte dos "procesos de pérdida léxica y de progresiva muerte del gallego". Non é este un mal específico do galego, mais algo común ás linguas que sofren tales procesos, segundo o mesmo autor, para quen a integración progresiva de léxico da lingua de contacto "es el primer capítulo de una larga historia de la 'muerte por dentro' de una lengua".

A se referir tamén á interferencia lexical do castelán no galego, X. A. Fernández Salgado (2004) fala do "castelanismo como recurso eufemístico". A partir da noción de tabú como "actos, obxectos ou relacións que a sociedade desexa evitar, así como a linguaxe utilizada para falar deses asuntos", considera que os tabús verbais non só gardan relación co sexo, a excreción ou a morte, como tamén se estenden a outros aspectos da vida doméstica, e que a maneira máis común de o falante os evitar é desenvolvendo eufemismos e circunloquios. Unha das posibilidades neste sentido sería substituír a palabra tabú "por un estranxeirismo, no caso do galegofalante, o castelanismo" (Fernández Salgado 2004: 503), como acontece no ámbito sexual con *carajo*, *joder* ou *coño*, españolismos "percibidos como menos vulgares e obscenos" que as formas autóctones galegas, e noutros ámbitos con *marrano* e *cochino* face a 'cocho' ou 'porco', *grueso*/'gordo', *joven*/'novo', *culo*/'cu', *arrojar*/'golsar' etc. Son para este autor razóns de tipo eufemístico as que axudan a explicar o uso por un mesmo falante de parellas como 'costelas'/'costillas', 'figado'/'hígado' ou 'riles'/'riñóns', as primeiras referidas a animais e as segundas a persoas; ou de modo similar a utilización de 'porco' e 'becerro' como nomes dos animais, mais *carne de cerdo* e *carne de ternera*, o cal demostraría que as palabras galegas posúen unhas connotacións pexorativas que as castelás non teñen e que, por tanto, "o castelán é para moitos galegofalantes a lingua do decoro, da delicadeza e a lingua culta, a do prestixio, da cal pode botar man cando a situación comunicativa así llo dicta", en canto as palabras galegas serían "un tabú, un algo prohibido" e tamén a "propia lingua galega" sería un tabú (Fernández Salgado 2004: 505). Por esta vía explicárase igualmente a predilección consciente por parte dalgunhas persoas castelanfalantes de voces galegas como 'trapallada', 'trangalleiro', 'lacazán', 'lercho' etc., todas elas connotadas negativamente. Após as obrigadas referencias ao proceso diglósico de 500 anos e á connotación pexorativa de *gallego* en Castela e en Portugal, termina Fernández Salgado (2004: 506) o seu traballo con estas palabras:

Coido que poucos pobos hai coma Galicia no mundo con lingua de seu, en que os propios falantes empreguen unha palabra estranxeira para denomina-la súa lingua e o seu xentilicio. O castelanismo *gallego* foi ata hai ben pouco a voz xeral en todo o territorio galego, utilizada por nós, os galegos, para chamármonos a nós mesmos e ó noso idioma. A voz *gallego*, hoxe felizmente recuperada, conservouse no galego exterior e mais en Portugal.

E pregunto eu: ¿non será o castelanismo *gallego* un eufemismo noso para denominármonos a nós mesmos?

E el non serán tamén eufemismos *Dios*, *pueblo* ou *abuelo*? No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega Rafael Dieste (1971: 31-35) refírese a unha señora que utilizaba castelanismos do tipo de *acostar* ou *temprano* tendo perfecto coñecemento de que o correcto en galego era 'deitar' ou 'cedo' porque coidaba que eran palabras máis finas; e tamén narra o encontro cunhas raparigas que, a falaren en galego, preferían utilizar as voces *escuela*, *abuelo* ou *muela* antes do que as lexitimamente galegas por as consideraren máis fermosas. Como cando unha crianza berra "avó!!!" na presenza da súa avoa e esta lle di: "Chámalle *abuelo* que é máis bonito" (Freixeiro 2013: 235). A cuestión que se nos presenta é se non estará vinculado este uso eufemístico do castelanismo cos preconceptos lingüísticos, co complexo de inferioridade e, en definitiva, co autoodio. Isto é, o autoodio pode ter como unha das súas consecuencias non a directa e inmediata mudanza de lingua, mais a progresiva substitución do léxico da lingua dominada polo da lingua dominante, até a disolución definitiva daquela nesta e, por tanto, a súa extinción.

En relación con isto, cómpre lembrar que a partir dos anos 90 foi gañando terreo o discurso da transculturalidade, que dá entrada a un novo paradigma, o da hibridación ou 'hibrididade' (inglés *hybridity*, alemán *Hybridität*), que pon en primeiro plano a heteroxeneidade e o contacto, en canto as linguas como sistemas ficarían relegadas a un lugar secundario. Os e as falantes pasan a ser o centro de atención e elas escollen os recursos lingüísticos que teñen ao seu dispor, dentro dun contínuum interlingüístico, de acordo cos seus propósitos comunicativos, de maneira que crean discursos híbridos por combinación de elementos de dúas ou máis linguas ou variedades en diferentes proporcións, a expresaren así "diferentes facetas das súas identidades" (Gugenberger 2013: 20-21). Os espazos intermedios pasan a ser o punto de partida, a mestura convértese no primordial e o falante expresa unha identidade híbrida. E en lugar de expresións pexorativas como 'chapurreo' ou 'castrapo', teremos as falas híbridas ou 'hibridolecetos', que se valorizarán "como manifestación da creatividade do falante". A hibridación tórnase así un concepto de emancipación social cun "forte compoñente ideolóxico, a saber, antipurista", que abre "o camiño cara á transgresión de fronteiras e á innovación" (Gugenberger 2013: 30-32). Pregunta esta profesora "se o paradigma da hibrididade só serve para o debate científico e os xogos intelectuais" ou se tamén pode valer para as políticas lingüísticas que procuran a normalización das linguas minorizadas do Estado español; e ela mesma reconece que "cando se trata de recuperar todas as funcións sociais dunha lingua dominada, xustifícase unha postura purista" porque "pode cumprir unha función identitaria importante", aínda que advirte da dificultade de se afastar moito dos e das falantes se esa postura purista é "extrema" (Gugenberger 2013: 42).

Lonxe da idealización das bondades da hibridación no caso galego, a realidade indícanos que as variedades híbridas —castrapo ou castelán intencional, galego castelanizado etc.— acaban por se converter en camiños de paso cara á substitución lingüística e en parte son consecuencia dos preconceptos lingüísticos e talvez en ocasións poidan gardar algunha relación co fenómeno do autoodio. Por iso, face ao concepto de hibridación, que ao noso modo de ver xoga en prol das grandes linguas dos estados e que está a achar eco na sociolingüística galega actual (Iglesias 2013, Ramallo 2013, O'Rourke / Ramallo 2013), o concepto de calidade da lingua (Sanmartín 2009) preséntase como alternativa necesaria para a sobrevivencia de linguas minorizadas como a galega e como antídoto contra o autoodio, alén de contribuír para a dignidade das linguas, que vén sendo a dignidade das persoas que as falan, como ben di Kabatek (2011: 286) ao se referir a unha persoa galega concreta que reivindicaba esa dignidade para o galego:

La dignidad de la que habla el gallego de la introducción, sin embargo, no puede ser la dignidad general del lenguaje, pues cualquier discurso —mezclado, puro, plurilingüe, vulgar, familiar, académico, etc.— es expresión de esa dignidad universal. El gallego parece hablar de otra cosa, de la invasión de aquel neohablante en un terreno que considera como suyo, que identifica con sus antepasados y que defiende porque le parece digno de conservación. Esta dignidad es la *dignidad de la lengua*, la cual no es otra cosa que la dignidad de sus hablantes, una dignidad que es dada por el carácter histórico mismo de la lengua, esa historicidad que lleva en sí los recuerdos de las generaciones anteriores y de los otros presentes que la comparten. La historicidad no se opone al futuro, es su condición. Pero se opone a la demagogia de los que predicán el futuro desde la hibridez actual, sin saber si este futuro jamás se producirá y sin tener que vivirlo ellos mismos.

Con certeza, non é o mesmo defender a hibridación desde a instalación nunha das grandes linguas dos estados que desde o uso dunha lingua minorizada. Mais o discurso hibridista preséntase na actualidade como un novo paradigma da modernidade ou posmodernidade, oposto a vellos conceptos como diglosia, conflito lingüístico, complexo de inferioridade, preconcepto lingüístico ou autoodio, como se estes servisen só para describiren unha realidade sociolingüística xa superada, na cal as linguas ocupaban o espazo central de atención. Anticuada sería tamén falar da dignidade das linguas, pois no novo discurso o centro deberano ocupar as persoas que as falan, que en todo o caso sempre serán dignas a se expresaren na variedade lingüística que en cada momento libremente escolleren como manifestación da súa identidade múltipla, outro concepto da 'modernidade reflexiva' (Fernández Rodríguez 2000). No entanto, por moito que se muden as palabras, os vellos problemas das linguas en situación de subordinación e minorización continúan e agrávanse, ao tempo que a diversidade lingüística no mundo se ve

cada vez máis ameazada polo 'imperialismo lingüístico' (Phillipson 1992), máis outra expresión en recuamento nestes tempos, paradoxalmente cando o concepto que encerra se torna máis presente na realidade. O conflito lingüístico e a diglosia continúan a existir, aínda que se prefira falar de 'contacto de linguas'; os preconceptos lingüísticos continúan a vigorar por máis que se pretendan diluír nas nocións de 'globalización' ou 'glocalización' (González Reboredo 2001: 241); a erosión interna das linguas cubertas que teñen por teito unha lingua dominante que ameaza a súa sobrevivencia avanza aceleradamente co impulso dos grandes medios de comunicación, a pesar de que se exalten as bondades do hibridismo e da mestizaxe que sempre favorecen as grandes linguas dos estados, entre elas o español (Valle 2007); e tamén continúan a existir falantes que senten vergoña e complexo de inferioridade por falaren a súa lingua, e inclusive algúns que se chegan a desprezar a si mesmos por iso, e que como consecuencia deses sentimentos acaban por mudar de lingua, aínda que se diga que tales falantes están a administrar o seu capital lingüístico e a xestionaren a súa identidade múltipla.

El non serán precisamente 'hibridación' e 'identidade múltipla' hiperónimos eufemísticos para absorberen, englobaren e disimularen vellos conceptos sociolingüísticos como diglosia, conflito lingüístico, preconcepto, complexo de inferioridade, deslealdade lingüística ou autoodio? Está ben renovar os discursos e modernizar a linguaxe, mais as novas denominacións non resolven por si propias os vellos problemas das linguas ameazadas nin se deben utilizar como desculpa para os ocultar, o cal non implica que carezan de utilidade e que non abran perspectivas teóricas interesantes para tentar explicar a complexidade, tamén lingüística, das sociedades modernas.

7. CONCLUSIÓN

Após o percurso seguido nas páxinas precedentes, non parece exaxerado concluír que o discurso sobre o autoodio, tamén lingüístico, circula socialmente e que o propio fenómeno tivo e está a ter algunha presenza tamén na sociedade galega, sen podermos determinar con precisión o seu grao de incidencia. Del falouse e aínda se fala nas reflexións a respecto da situación social do galego. Mais é necesario e útil neste momento continuar a usar un termo connotado pexorativamente por algúns especialistas e xeralmente pouco atractivo? Se non houber outra proposta mellor para definir un fenómeno como este, haberá que dicir que é necesario; neste sentido, outras expresións relacionadas co autoodio, como deslealdade lingüística, baixa autoestima, complexo de inferioridade ou sentimento de vergoña, por exemplo, non significan o mesmo e, por tanto, non refiren con igual precisión a noción que se pretende representar. Canto á utilidade, esta vén dada tanto por esta necesidade como porque nos presenta de forma directa e explícita unha realidade sobre a cal se debe actuar se é que se pretende revitalizar unha lingua minorizada como, neste caso, a galega.

Só profundando nas causas que están a propiciar a substitución lingüística, entre elas o sentimento de autoodio lingüístico, como se viu, será posíbel reverter o proceso. Para aplicar remedios eficaces cómpre coñecer ben as raíces do problema e se o autoodio está motivado pola vigorización de actitudes e preconceptos contrarios ao galego, que levan á perda da autoestima e ao sentimento de inferioridade, serán necesarias medidas que procuren dinamizar o uso da lingua mediante o combate contra os preconceptos, o incremento da autoestima dos e das falantes, a procura de modelos prestixiosos de referencia etc. De todos os modos, chámeselle ou non autoodio ao fenómeno descrito, parece claro que unha sociedade onde aínda vigoran en maior ou menor medida sentimentos de vergoña, de minusvalorización, de desprezo ou de deslealdade cara ao que lle é propio ten neles unha barreira ou atranco para o seu pleno desenvolvemento cultural, político e mesmo económico, de modo que a súa superación se presenta como obxectivo imprescindíbel para o progreso.

Novos paradigmas da modernidade, como o da 'hibridación' ou o da 'identidade múltipla', poden ser de grande axuda para explicar do punto de vista social certos comportamentos lingüísticos, mais non poden ocultar a discriminación que continúan a sufrir as linguas minorizadas e as persoas que as utilizan.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Allport, Gordon W. (1954): *The Nature of Prejudice*. Cambridge / Boston: Addison-Wesley. <http://dx.doi.org/10.2307/2573151>.
- Bagno, Marcos (2003): *Preconceito lingüístico. O que é, como se faz*. São Paulo: Loyola.
- Baker, Colin (1992): *Attitudes and Language*. Clevedon: Multilingual Matters.
- Castelao, [Afonso D. Rodríguez] (1961): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición "As Burgas".
- Cioran, Émile M. (1956): *La tentation d' exister*. Paris: Gallimard. <http://dx.doi.org/10.2307/40097391>.
- Costas, Xosé-Henrique (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Ames: Laiovento.
- Crystal, David (2003): *A morte das linguas*. Trad. de Mariña Castro Eiroa. Vigo: Galaxia.
- Danyte, Milda (2011): "Choosing Self-Hatred: How Canadian Ethnic Minority Novels of the 1950s Reflect Racist Ideas Propagated Earlier by the Dominant Majority", *Transnational Literature* 4/1. <http://fhrc.flinders.edu.au/transnational/home.html>.
- Díaz Pardo, Isaac (1987): *Galicia hoy y el resto del mundo*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Dieste, Rafael (1971): *A vontade de estilo na fala popular*. A Coruña: O Castro.
- Fernández Rei, Francisco / Carme Hermida Gulías (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernández Rodríguez, Mauro (1998): "Lengua e identidade en el tercer milenio", en Beatriz Gallardo Paúl (ed.), *Temas de lingüística y gramática*. València: Universitat de València, 23-37.
- Fernández [Rodríguez], Mauro A. (2000): "Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidade múltiple en la modernidad reflexiva", *Estudios de Sociolingüística* 1/1, 47-58.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2004): "A interferencia do castelán no léxico galego: o castelán como recurso eufemístico", en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade*, vol.1. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 501-507.
- Ferreiro, Celso Emilio (1962/1989): *Longa noite de pedra*. Introducción, notas e comentarios de Xosé M. Álvarez Caccamo. Sada-A Coruña: Edición do Castro, 1989.
- Freitas Juvino, María Pilar (2008): *A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009a): "A historia e a dignidade do galego. De lingua enalzada a lingua mortificada", en María Pilar García Negro (ed.), *Sobre o racismo lingüístico*. Ames: Laiovento, 31-66.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009b): "Lingua galega e preconceito", *Revista Galega de Filoloxía* 10, 115-144.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013): *Estilística da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fuster, Joan (1976): *Nosotros los valencianos*. Trad. de Josep Palacios. Barcelona: Península.
- García Negro, María Pilar (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- García Negro, María Pilar (2009): *De fala a lingua: un proceso inacabado*. Ames: Laiovento.
- Gibert, Quim (2004): "Quan les víctimes passen per botxins", *Anuari de Psicologia de la Societat Valenciana de Psicologia (Monogràfic 2004)* 9/1, 115-125.
- González González, Manuel (dir.) (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González Reboredo, Xosé Manuel (2001): "A construción de referentes de identidade etno-nacional. Algunhas mostras sobre Galicia", en Xosé Manuel González Reboredo (coord.), *Etnicidade e nacionalismo. Simposio Internacional de Antropoloxía (Santiago de Compostela, 17-19 de abril de 2000)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 201-247.
- Gopar, Soledad (1999): "El entorno lingüístico en Santiago del Estero". <http://usuarios.arnet.com.ar/yanasu/entorno.htm>.

- Gugenberger, Eva (2013): "O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibrididade para a lingüística e a política de linguas en España?", en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), 19-47.
- Gugenberger, Eva / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.) (2013): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Iglesias Álvarez, Ana (1999): "O poder explicativo e predictivo das actitudes lingüísticas", *Verba* 26, 273-307.
- Iglesias Álvarez, Ana (2003): *Falar galego: "No veo por qué"*. Aproximación cualitativa á situación socio-lingüística de Galicia. Vigo: Galaxia.
- Iglesias Álvarez, Ana (2007): "Os preconceptos lingüísticos segundo a idade", en Iván Méndez López / Amelia Sánchez Pérez (eds.), *Lingua e Idade. III Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 165-182.
- Iglesias Álvarez, Ana (2013): "«Eu falo castrapo». Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudio piloto)", en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), 169-190.
- Kabatek, Johannes (1994): "Auto-odi: Geschichte und Bedeutung eines Begriffs der katalanischen Soziolinguistik", en Gabriele Berkenbusch / Christine Bierbach (eds.), *Zur katalanischen Sprache: historische, soziolinguistische und pragmatische Aspekte*. Frankfurt: DEE, 159-173.
- Kabatek, Johannes (1997): "Dime cómo hablas y te diré quién eres. Mezcla de linguas y posicionamiento social", *Revista de Antropología Social* 6, 215-236.
- Kabatek, Johannes (2011): "Algunos apuntes acerca de la cuestión de la «hibridéz» y de la «dignidad» de las linguas iberorrománicas", en Yolanda Congosto / Elena Méndez (coords.): *Variación lingüística y contacto de linguas en el mundo hispánico: in memoriam Manuel Alvar*, 271-289 (Madrid: Iberoamericana). <http://www.uni-tuebingen.de/kabatek/hibrid.pdf>.
- Labov, William (1966): *The Social Stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.
- Larreula, Enric (2002): *Dolor de llengua*. València / Barcelona: Edicions 3i4.
- Leite, Marli Quadros (2008): *Preconceito e intolerância na linguagem*. São Paulo: Contexto.
- Macaulay, Ronald K. S. (1975): "Negative prestige, linguistic insecurity, and linguistic self-hatred", *Lingua* 36, 147-161. [http://dx.doi.org/10.1016/0024-3841\(75\)90011-x](http://dx.doi.org/10.1016/0024-3841(75)90011-x).
- Manuel María (1970): *Remol*. Buenos Aires: Edicións Nos.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2006): *La dignidad e igualdad de las linguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza.
- Murgades, Josep (2003): "Baixa autoestima (o autoodi) i identitat: enfocament sociolingüístic", en Quim Gibert / Josep Murgades / Marc-Antoni Adell / Bernat Joan (eds.), *Autoestima i Països Catalans*. Barcelona: La Busca Edicions.
- Ninyoles, Rafael L. (1997): *Idioma i prejudici*. València: Eliseu Climent.
- Ninyoles, Rafael L. (2005): *Idioma e poder social*. Trad. de María Pilar García Negro e Antonio Molexón Domínguez. Ames: Laiovento.
- Noriega Varela, Antonio (1904): *Montañesas. Poesías gallegas*. Luear: Imp. de Ramiro P. del Río.
- O'Rourke, Bernadette / Fernando Ramallo (2013): "«A miña variedade é defectuosa»: a lexitimidade social das neofalas", *Estudos de Lingüística Galega* 5, 89-103.
- Phillipson, Robert (1992): *Linguistic Imperialism*. Oxford: Oxford University Press.
- Pintos, Xoán Manuel (1853): *A Gaita Gallega*. Pontevedra: Imprenta de don José y don Primitivo Vilas.
- Pondal, Eduardo (1880/1995): *Poesía galega completa I. Queixumes dos pinos*. Ed. de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995.
- Pondal, Eduardo (2001): *Poesía galega completa II. Poemas impresos*. Ed. de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Posadas, Abel (1993): *Nini Marshall: desde un ayer lejano*. Buenos Aires: Colihue.
- Pratt, Mary Louise (1993): "«Yo soy la malinche». Chicana Writers and the Poetics of Ethnonationalism", *Callaloo* 16/4, 859-873. <http://dx.doi.org/10.2307/2932214>.
- Ramallo, Fernando (2010): "Cara a unha tipoloxía dos falantes de galego", en Bieito Silva / Isabel Vaquero / X. Rodríguez (eds.), *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 15-37.

- Ramallo, Fernando (2013): "Neofalantismo", en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), 247-260.
- Rodríguez, Francisco (1998): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Samuelle Lamela, Cristina (1999): "Situación lingüística dos emigrantes galegos no Rio da Prata", en Pilar Cagiao Vila (comp.), *Galegos en América e americanos en Galicia: as colectividades inmigrantes en América e a súa impronta na sociedade galega. Séculos XIX-XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 255-273.
- Sanmartín Rei, Goretti (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación lingüística*. Vigo: Xerais.
- Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por José Luis Pensado. Salamanca: Universidad.
- Schmid, Beatrice (2010): "«Por el adelantamiento de la nación». Las ideas lingüísticas de Abraham A. Cappon", en Paloma Díaz-Mas / María Sánchez Pérez (eds.), *Los sefardíes ante los retos del mundo contemporáneo. Identidad y mentalidades*. Madrid: CSIC, 99-111.
- Solé i Camardons, Jordi (2001): *El poliedre sociolingüístic. Una iniciació a la sociolingüística del conflicte*. València / Barcelona: Eliseu Climent.
- Tuson, Jesús (1990): *Mal de Linguas*. Trad. de Xulio C. Sousa Fernández. Santiago de Compostela: Positivas.
- Valle, José del (ed.) (2007): *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideoloxías del español*. Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana.
- Villar Ponte, Antón (1971): *Pensamento e sementeira. Leiciós de patriotismo galego*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.

